

TRABALLO EN GRUPO: A LIÑA DO PRIVILEXIO

Como estivemos vendo na clase, existen colectivos minorizados, que se atopan por debaixo da chamada liña do privilexio. Estes colectivos teñen as súas propias mostras culturais, coma a literatura. Por iso, imos realizar un traballo en grupo que pretenda iluminar unha desas literaturas.

O traballo consistirá en dar unha clase ás túas compañeiras e compañeiros sobre a literatura minorizada que escollades como grupo. O traballo debe conter:

- Unha explicación do colectivo ao que facedes referencia.
- Unha explicación das características literarias comúns a este grupo.
- Autoras e autores máis relevantes, xunto con fragmentos dalgunhas obras de interese.
- Por que é un grupo minorizado?
- Cal é a situación actual?
- Que temas tabú xiran arredor desta literatura?
- Algunha actividade para facer na aula.

A tarefa é grupal. Isto significa que todos os membros do grupo deben falar e aportar cousas.

A realización da presentación debe durar toda a hora da clase.

Traede un powerpoint. Este será colgado na aula virtual e os seus contidos entrarán no exame da materia.

Non debes ler. Trátase de que intentedes explicaros de xeito oral dunha maneira o máis natural posible, empregando linguaxe formal.

GRUPO	TEMA	DATA DE EXPOSICIÓN
Aarón, Lola, Alexandra	Literatura da enfermidade	Luns 9 de marzo
Lucía, Bruno, Daniel	Literatura LGBIQ+	Xoves 5 de marzo
Ximena, Laura, Antón	Literatura transexual	Mércores 4 de marzo
Cristian, Elba, Samuel, Julia	Literatura escrita por mulleres	Venres 6 de marzo